

Sabernos herdeiras

Ensaio Recuperación necesaria, mais inconclusa, de referentes feministas

Para comezar coa miña crítica sobre o libro de Mónica Bar Cendón vou facer uso desa herdanza que a tradición xudeo-cristiá deixou nas mulleres, entre moitos outros malos hábitos, que é a xustificación como introdución ao expresar os nosos pareceres. Xustificámonos por medo a dicir algo incorrecto, fóra de lugar... no canto de falar sen máis do que pensamos. Aínda que moitas mulleres, e eu entre elas, imos superando este tipo de defectos herdados, neste caso non me queda outra que facelo, xa que polo meu carácter, a miña formación e a miña traxectoria activista tendo a facer crítica, normalmente, enfatizando as carencias ou os desexos incumpridos en lugar de reforzar principalmente o positivo. De todos xeitos neste caso vou deixar ben clara esta parte antes porque a publicación e o traballo da súa autora o merecen.

Cando o libro *Feministas Galegas. Claves dunha revolución en marcha* caeu nas miñas mans xa sabía que ía ter que escribir estas letras, polo que o meu ollo crítico agudizouse a cada parágrafo, pero durante a súa lectura estiven todo o tempo debaténdome entre o enfoque académico, de socióloga investigadora e o enfoque activista. Sempre me gustou máis esoutra parte, é máis libre, non precisa

demostrar permanentemente o que sabe, só pon en práctica o que sente, o que padece. Mentres abro o meu ser en dous, decátome que este mesmo é un dos debates internos do feminismo, concretamente do feminismo actual, na Galiza en particular, mais penso que vai máis alá. Esa dicotomía, unha mais, entre o académico e o activista, cando realmente desde o activismo sabemos que non podemos facer nada sen as achegas das teorías, e as teorías non son nada sen as prácticas das que beben tamén.

O libro forneceume un coñecemento que non tiña acerca dunha herdanza do feminismo galego que me situou perfectamente nos anos da chamada transición formal. Como no (sub)título indica “claves dunha revolución en marcha” xera unha sensación de actividade constante que, porén, no texto non culmina, xa que esquece, quizais, unha parte da loita feminista que xurdía dentro dos movementos mais rompedores na última etapa que analiza Bar. Daqueles que non esperan o beneplácito das institucións nin das organizacións formais, das que utilizan novos xeitos de organización non só autónomos, senón libres, que non agardan resultados máis alá da propia transformación individual e colectiva no seu contorno máis próximo, porque dese xeito, co efecto contaxio, pódese contaminar o resto, ou non, pero libera tamén, e empodera.

De sempre sabemos que o feminismo tende a quedar nun segundo plano cando loitas supostamente mais globalizadoras exclúen a loita feminista do seu calendario. Grazas ao labor das mulleres presentadas no libro, e ao da autora por visibilizalo, refórzanse os alicerces da

transversalidade da loita feminista nas organizacións e a crenza de que, sen loita feminista, non hai revolución que valla. E son estes novos movementos xurdidos na Galiza dos 90 en diante, que parten de conceptos diferentes, de militancias en que a loita feminista é imprescindible no resto dos activismos dos que participamos, que buscan novas prácticas.

Desde o punto de vista metodolóxico comparto as ferramentas usadas pola autora, non hai como empaparse de conversas, historias de vida e documentacións do momento para analizar un movemento social. Neste aspecto boto de menos unha recollida mais ampla dentro do territorio. A carga da militancia viguesa, especialmente potente pola presenza obreira, ten sentido, pero quizais supón un nesgo dentro dunha análise que pretende mostrar o que aconteceu no feminismo galego.

Precisamos que esta revolución en marcha siga a ser visibilizada e analizada. Mónica Bar dá a coñecer as traxectorias das mulleres que nos acompañamos na loita desde diferentes ámbitos, pero tamén é importante mostrar o cambio que se está a producir nas últimas décadas da loita antipatriarcal galega e a incorporación desas novas prácticas das que bebemos actualmente colectivos e mulleres que retomamos a presenza nas rúas.

// Rocío Fraga

Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha

Mónica Bar Cendón

Xerais, 2010

392 páx · 22 euros

